



PLAN DIXITAL

EEI DE TRABA

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

EEI de Traba (código centro: 15021160).

Enderezo: Melgueiras s/n Traba, Laxe

ceip.traba@edu.xunta.gal

Tratase dunha escola unitaria que abrangue a etapa educativa do 2º ciclo de educación infantil.

Conta, actualmente, con 9 alumnos/as e un mestre responsable da escola. Ademais imparte docencia no centro un mestre especialista de inglés e un mestre especialista de relixión itinerantes compartidos con outros centros da zona.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro sitúase na parroquia de Traba, dentro do concello de Laxe. A economía baséase na actividade gandeira e pesqueira, ou no sector servizos no Concello de Laxe. O fenómeno da emigración a países europeos vai diminuindo, aínda que moitos dos nenos e nenas teñen aínda familiares próximos nestes países durante longas temporadas de traballo. Nos fogares dos nenos/as é habitual que convivan 3 ou 4 xeracións.

O Plan Dixital debe encaixar nesta realidade e en consonancia cos outros documentos do centro como o Proxecto Educativo e a Programación Xeral Anual. Ademais, debese incluír a toda a comunidade educativa na implantación deste plan.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O plan dixital basease na seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

A EEI de Traba tratase dunha escola unitaria polo que esta peculiaridade fai que a elaboración do plan dixital recaia no mestre responsable da escola, xa que exerce tódalas funcións de goberno, asumindo tamén a de coordinador do plan dixital.

Para a súa elaboración, ademais contouse cun plan de formación a través do PFPP do centro e tamén coa colaboración do mentor ADIX correspondente.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta con conexión a internet a través de WIFI.

Como equipamento tecnolóxico do centro conta con:

- dous ordenadores (un de sobremesa e outro portátil) para realizar, principalmente, labores de xestión administrativa do centro, e labores do profesorado.
- unha pantalla
- un proxector
- unha impresora

Como servizos dixitais educativos conta con espazo abalar e correo electrónico. A páxina web do centro non está actualizada.

A xestión do mantemento do equipamento do centro realizase a través da Unidade de Atención a Centros (UAC)

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,6				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,3				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado					
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado					
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	4				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	4,2				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,6				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado					
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	1,7				
	Profesorado	2,7				
	Alumnado					

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	=	=	=
PROVISIONAL	-	-	-
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	=	=	=
DESAPRAZADO	=	=	=

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
50	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	50	Explorador/a A2	68,2	Integrador/a (B1)
PRI				
ESO				
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	1	100%
B1		
B2		
C1		
C2		
TOTAL		

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	E4 comunicación con la comunidad educativa C3 o noso centro ofrece acceso a internet para o ensino e a aprendizaxe C14 no noso centro, os espazos físicos facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais	C10 Dispositivos propiedade do centro para los alumnos A3 Nuevas modalidades de enseñanza A1 Estrategia digital C13 Traer el propio dispositivo C16 Bibliotecas / repositorios en linea
	PERSONAL DOCENTE	D3 Intercambio de experiencias E1 Recursos educativos en liña E4 Comunicación con la comunidad educativa D1 Necesidades de DPC Boa relación coas outras unitarias da contorna	A4 Tiempo para explorar la enseñanza digital B4 Sinergias para el aprendizaje mixto G1 Evaluación de las capacidades G10 Evaluación de las capacidades desarrolladas fuera del centro. Falta de tempo e moita carga de traballo por ser unha escola unitaria. Baixa competencia dixital do persoal docente. Falta de formación

	PERSOAL NON DOCENTE	
	ALUMNADO	C10 Dispositivos por parte del centro para el alumnado
	FAMILIAS	Boa relación coas familias
	OFERTA	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Importancia do mentor ADIX para resolver dúbidas e acompañar no proceso de elaboración do Plan Dixital.	Falta de tempo para dedicarse a elaborar e implantar o Plan Dixital. Falta de fondos para a dotación do equipamento tecnolóxico necesario. Falta de adaptación á etapa de educación infantil e a súa realidade. Falta de redes de apoio nas escolas unitarias. Dificultades para resolver problemas técnicos. C5. Asistencia técnica
	LEXISLACIÓN		Excesiva lexislacion educativa e moi cambiante
	CONTORNA		Baixa natalidade e falta de oportunidades no rural.
	ANPA	Procesos de alfabetización dixital das familias e da contorna.	Non existe ANPA no centro
	OUTRAS ENTIDADES		B4 Sinergias para el aprendizaje mixto Pouca relación co centro adscrito

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

O primeiro obxectivo é elexido das debilidades do DAFO pola importancia de que o profesorado mellore a súa competencia dixital a través da formación.

O segundo obxectivo é elexido pola necesidade de mellorar e actualizar o equipamento tecnolóxico do centro.

O terceiro obxectivo é elexido para mellorar e incrementar o uso das TIC no centro e na práctica docente e axudarnos, para iso, dunha rede de escolas unitarias.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: A Competencia dixital do profesorado.						
OBXECTIVO 1: (A4)	Mellorar a competencia dixital do profesorado a través de actividades de carácter dixital con menos carga teórica e máis centradas na practica diaria docente no entorno das escolas unitarias.				Acadado	
Responsable:	Mestre responsable.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº de cursos sobre ferramentas dixitais.					
Valor de partida: (3)	0 cursos sobre ferramentas dixitais					
Valor previsto e data: (4)	1 cursos sobre ferramentas dixitais					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Solicitar PFPP de formación en competencia dixital docente.	Coordinador do Plan Dixital	22/12/2022	Equipo docente. CFR de A Coruña. FPROFE INTEF		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Realizar os cursos ofertados.	Mestre responsable.	20/06/2023	Material dixital. Cursos T.IC.s. Asesoramento persoal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: C Infraestructuras e equipamentos.						
OBXECTIVO 2: (C8)	Actualizar o equipamento tecnolóxico do centro, axeitando os equipos do centro as necesidades dos docentes e o alumnado.				Acadado	
Responsable:	Coordinador do Plan Dixital.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de equipo actualizado					
Valor de partida: (3)	0% equipamento actualizado					
Valor previsto e data: (4)	100% equipamento actualizado					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Determinar as necesidades de equipamento informático no centro.	Coordinador do Plan Dixital	01/11/2022	Inventario dispositivos dixitais Valoración do estado do material dixital.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Solicitar instalación dos compoñentes actualizados.	Coordinador do Plan Dixital	15/12/2022	Inventario dispositivos dixitais Valoración do estado do material dixital. UAC / servicio técnico externo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: A Alumnado e docentes.						
OBXECTIVO 3: (A3)	Utilizar as TIC como medio para mellorar a actividade docente.				Acadado	
Responsable:	Mestre responsable.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de programas ou redes nas que participa o centro.					
Valor de partida: (3)	0 participación en programas ou redes					
Valor previsto e data: (4)	1 participación en programas ou redes					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Coñecer os programas nos que podemos participar.	Mestre responsable	01/10/2022	Medios dixitais da Consellería de Educación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear unha rede de escolas da contorna Adix Vimianzo.	Mestres e mestras responsables das escolas unitarias.	22/12/2022	Mentores Adix Vimianzo. Reunións e convocatorias. Webex. Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Colaborar entre as escolas unitarias para programar actividades e dotar de contidos.	Mestre responsable	29/06/2022	Mentores Adix Vimianzo. Reunións e convocatorias. Webex. Abalar		Realizada	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Precisase revisar o estado dos ordenadores e actualizar o software necesario.

Tamén a Pantalla dixital precisa ser calibrada de novo e posta en funcionamento.

A impresora só é en branco e negro e non ten opción de fotocopiadora polo que se precisa un novo equipo con estas funcións.

4. Avaliación do plan

- A **avaliación procesual** farase unha vez ao fin de cada trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- A **avaliación final** farase no final do curso académico. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O plan dixital darase a coñecer ao Consello Escolar na reunión para a súa aprobación.

Ademais, darase a coñecer ás familias do centro a través da aplicación Abalar Mobil ou do correo electrónico e, de ser necesario, de forma presencial, na primeira reunión do vindeiro curso.